

2

Entrevista

Xosé Ballesteros, novo presidente da Asociación Galega de Editoras (AGE)

4

¿Qué hay de nuevo?

Catálogo e-learning 2016
Novedades editoriales
Microsoft adquire LinkedIn

6

Perfiles

Carolina Bernárdez, asesora de acreditación de Ideaspropias

Xosé Ballesteros

Xosé Ballesteros



Xosé Ballesteros Rey* (Vigo, 1956). Editor, escritor, tradutor e especialista en Literatura Infantil e Xuvenil. Estudou Filosofía na UNED. Tamén investigou sobre a historia e a estrutura dos contos clásicos europeos a partir das teorías de Vladimir Propp e das achegas de Italo Calvino, a partir das cales adaptou diversos contos tradicionais. É autor de obras como “Talego” (Premio Manuel García Barros de Novela 1993, Xerais) e “Viaje a la morada de los dioses” (Desafío 8000, 1999). É co-fundador e director xeral de Kalandraka Editora, que recibiu o Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial Cultural 2012. Entre as súas obras para público infantil figuran a serie “Os Gordibolas” (Xerais), “O coelliño branco” (Premio Nacional de Ilustración 1999, Premio Libro per l’Ambiente 2010 en Italia) e “Imaxina animais”, editadas por Kalandraka.

Dirixe o selo Factoría K de Libros, que publicou en galego títulos como “Pastoral americana” (Philip Roth, Premio Príncipe de Asturias das Letras 2012), “1984” (George Orwell), “Indignádevos” (Stéphane Hessel), “O neno do pixama a raiais” (John Boyne) e “Os ángulos da brasa” (Manuel Álvarez Torneiro, Premio Nacional de Poesía 2013). Outra das súas facetas é a animación á lectura: dirixe talleres de escrita creativa e sesións de narración oral para nenos e nenas, así como cursos e actividades de formación para educadores. Comparte a súa experiencia sobre a internacionalización de Kalandraka en conferencias e xornadas profesionais. Actualmente é o presidente da Asociación Galega de Editoras, cargo ao que accedeu en maio de 2016.

*Tradución da entrevista na páxina 3 / Traducción de la entrevista en la página 3.

Como empezou a súa vinculación e como se desenvolveu a súa traxectoria profesional no mundo da edición?

Ceguei ao sector do libro, de forma profesional, a principios do ano 1989; caio agora na conta de que pasaron máis de 27 anos. Comecei traballando no departamento comercial de Edicións Xerais e iso permitíume adquirir un gran coñecemento sobre como estaba configurado o mercado galego do libro e as súas diversas canles: colexios, bibliotecas, librarías...

No ano 1998 creamos Kalandraka Editora e, desde o ano 2004, son o director executivo do grupo.

Acaba de ser elixido presidente da Asociación Galega de Editoras, que supón para vostede dende o punto de vista persoal e profesional?

Unha honra e unha responsabilidade.

Honra porque estarei continuando o labor das persoas que me antecederon no cargo, e aquí é obrigado citar a dúas delas que xa faleceron, deixando un legado encomiable: Carlos Blanco, que ocupou este posto na fundación da AGE (1983), e Carlos Casares.

Responsabilidade porque estamos a vivir un momento moi complicado para o sector: unha crise económica que non remata; un cambio de modelo radical a nivel tecnolóxico e sociolóxico; unha poboación que non medra, unha lingua que esmorece... Retos que hai que abordar de inmediato.

Que valores achegará a súa experiencia en Kalandraka nesta etapa á fronte das editoriais galegas?

O labor da directiva da AGE non debe ser soamente a suma do esforzo das oito persoas que a integramos, senón que debemos poñer a disposición da Asociación a estrutura das nosas respectivas empresas. Nese sentido, Kalandraka aportará a experiencia do traballo en equipo, o coñecemento dos diferentes mercados da península, e a bagaxe nos procesos de internacionalización.

A nova directiva inclúe membros da anterior etapa e suma novas incorporacións, será unha etapa de continuidade ou de grandes cambios?

Será o que colectivamente sexamos quen de facer. Nesta directiva están presentes todos os subsectores: libro de texto, grandes proxectos, literatura infantil e xuvenil, as dúas editoras literarias máis importantes do país -Galaxia e Xerais- e outras con novas propostas, como Alvarellos e Urco. Tamén conseguimos unha representación equitativa a nivel xeográfico: A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo. En definitiva, debullamos unha directiva potente para liderar un sector que debe medrar e profesionalizarse.

Cales serán as principais liñas de traballo da nova xunta directiva?

As primeiras medidas están encamiñadas a potenciar o traballo da Secretaría Técnica e atopar un local permanente para a Asociación. Esta debe ser unha ferramenta ao servizo das editoras asociadas, non un obxectivo en sí mesma. Temos que conseguir que sexa plenamente autónoma, por riba das decisións que tomen as Administracións de turno.

Iniciaremos accións para convidar o resto de editoriais que están fóra da AGE a que se asocien, porque esta é a nosa casa común, e estar dentro conleva vantaxes.

E cómpre demostrarlle á Administración galega que non se pode actuar de forma unilateral, sen ter en conta a opinión do noso colectivo. Calquera medida que se programe debe contar, necesariamente, co consenso da AGE e co resto de asociacións integradas no sector do libro.

Unha das primeiras propostas da nova directiva foi modificar o nome da entidade, que pasa a denominarse Asociación Galega de Editoras. Cales son as razóns para este cambio?

A nosa asociación é un gremio e está integrada por empresas editoriais, ou editoras. O cambio vai nese sentido: o da coherencia co xénero. Chegamos a ese acordo hai tempo e agora foi o momento de realizalo.

Segundo os datos da Axencia do ISBN, en Galicia publicáronse en 2015 un total de 1.861 títulos en formato papel e 260 en dixital (frente aos 2.274 e 483 de 2014, respectivamente). A que factores considera que se debe esta caída na produción editorial galega?

Razóns puramente económicas. O mercado mingou, froito da menor capacidade de compra das familias, dos centros de ensino, das bibliotecas... Os recortes orzamentarios da Xunta para a compra de novidades que abastezan a rede de bibliotecas públicas foron dun 80 % desde o ano 2008 ata a actualidade.

A día de hoxe, paréceme sorprendente que aínda se teñan publicado tantos títulos no último ano.

Cales son as prioridades das editoriais galegas na actualidade?

Depende da realidade de cada unha delas e do subsector no que actúen. Mais, no fondo, todas desexamos que se desenvolva a Lei do Libro que aprobou por unanimidade o Parlamento galego en xaneiro do ano 2007. Ese é o mínimo denominador común; esa é unha reivindicación que debe estar presente na próxima lexislatura.

E cales os puntos fortes e as debilidades das editoriais galegas neste momento?

En canto ás debilidades: o feble tecido empresarial, un mercado que mingua, o retroceso no uso da lingua.

Sobre os puntos fortes: capacidade para traballar colectivamente, potencia para chegar a outros mercados, catálogos variados e de calidade.

Como definiría a situación actual da edición dixital en Galicia?

Creo que, pese á consigna "conectémonos todos" proposta desde diversas Administracións e empresas tecnolóxicas, a demanda dos usuarios non xustifica ese intento de "matar" o libro en papel canto antes. Non nego os cambios que se están a producir pero, por que acelerar os procesos? A quen lle interesa? Cada vez hai máis oferta: PDF's, ePub... pero o futuro non pasa por converter contidos publicados en papel nun soporte dixital, senón por ser capaces de publicar novos contidos no novo formato. E iso hoxe non se está a facer.

Considera que as Administracións públicas deberían realizar un esforzo maior en apoiar o sector do libro? Con que tipo de medidas?

Por suposto, xa o teño dito en moitas ocasións, se a clase política apostase por ter no futuro unha sociedade culta, que puidera desenvolverse en boas condicións nun mundo no que xa está a primar a investigación -o famoso I+D+I-, estaría agora mesmo invertindo en cultura. Estaría aplicando melloras na rede de bibliotecas, en campañas de fomento da lectura, en melloras na educación e na formación do profesorado. Pero vese que as prioridades do Goberno galego actual son outras.

Xosé Ballesteros Rey (Vigo, 1956). Editor, escritor, traductor y especialista en Literatura Infantil y Juvenil. Estudió Filosofía en la UNED. También ha investigado sobre la historia y la estructura de los cuentos clásicos europeos a partir de las teorías de Vladimir Propp y de las aportaciones de Italo Calvino, a partir de las cuales ha adaptado diversos cuentos tradicionales. Es autor de obras como “Talego” (Premio Manuel García Barros de Novela 1993, Xerais) y “Viaje a la morada de los dioses” (Desafío 8000, 1999). Es co-fundador y director general de Kalandraka Editora, que ha recibido el Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial Cultural 2012. Entre sus obras para el público infantil figuran la serie “Os Gordibolas” (Xerais), “El pequeño conejo blanco” (Premio Nacional de Ilustración 1999, Premio Libro per l’Ambiente 2010 en Italia) e “Imagina animales”, editadas por Kalandraka.

Dirige el sello Faktoría K de Libros, que ha publicado en gallego títulos como “Pastoral americana” (Philip Roth, Premio Príncipe de Asturias de las Letras 2012), “1984” (George Orwell), “Indignádevos” (Stéphane Hessel), “O neno do pixama a raias” (John Boyne) y “Os ángulos da brasa” (Manuel Álvarez Torneiro, Premio Nacional de Poesía 2013). Otra de sus facetas es la animación a la lectura: dirige talleres de escritura creativa y sesiones de narración oral para niños y niñas, así como cursos y actividades de formación para educadores. Comparte su experiencia sobre la internacionalización de Kalandraka en conferencias y jornadas profesionales. Actualmente es presidente de la Asociación Galega de Editoras, cargo al que accedió en mayo de 2016.

¿Cómo empezó su vinculación y cómo se ha desarrollado su trayectoria profesional en el mundo de la edición?

Llegué al sector del libro, de forma profesional, a principios del año 1989; me doy cuenta ahora de que han pasado más de 27 años. Comencé trabajando en el departamento comercial de Edicións Xerais y eso me permitió adquirir un gran conocimiento sobre cómo estaba configurado el mercado gallego del libro y sus diversos canales: colegios, bibliotecas, librerías... En 1998 creamos Kalandraka Editora y, desde el año 2004, soy el director ejecutivo del grupo.

Acaba de ser elegido presidente de la Asociación Galega de Editoras, ¿qué supone para usted desde el punto de vista personal y profesional?

Un honor y una responsabilidad.

Honor porque estaré continuando la labor de las personas que me antecedieron en el cargo, y aquí es obligado citar a dos de ellas que ya han fallecido, dejando un legado encomiable: Carlos Blanco, que ocupó este puesto en la fundación de la AGE (1983), y Carlos Casares.

Responsabilidad porque estamos viviendo un momento muy complicado para el sector: una crisis económica que no acaba; un cambio de modelo radical a nivel tecnológico y sociológico; una población que no crece, una lengua que se apaga... Retos que hay que abordar de inmediato.

¿Qué valores aportará su experiencia en Kalandraka en esta etapa al frente de las editoriales gallegas?

La labor de la directiva de la AGE no debe ser solamente la suma del esfuerzo de las ocho personas que la integramos, sino que debemos poner a disposición de la Asociación la estructura de nuestras respectivas empresas. En este sentido, Kalandraka aportará la experiencia del trabajo en equipo, el conocimiento de los diferentes mercados de la península, y el bagaje en los procesos de internacionalización.

La nueva directiva incluye miembros de la anterior etapa y suma nuevas incorporaciones, ¿será una etapa de continuidad o de grandes cambios?

Será lo que colectivamente seamos capaces de hacer. En esta directiva están presentes todos los subsectores: libro de texto, grandes proyectos, literatura infantil y juvenil, las dos editoras literarias más importantes del país -Galaxia y Xerais- y otras con nuevas propuestas, como Alvarellos y Urco. También hemos conseguido una representación equitativa a nivel geográfico: A Coruña, Santiago, Pontevedra y Vigo. En definitiva, dibujamos una directiva potente para liderar un sector que debe crecer y profesionalizarse.

¿Cuáles serán las principales líneas de trabajo de la nueva junta directiva?

Las primeras medidas están encaminadas a potenciar el trabajo de la Secretaría Técnica y encontrar un local permanente para la Asociación.

Ésta debe ser una herramienta al servicio de las editoras asociadas, no un objetivo en sí misma. Tenemos que conseguir que sea plenamente autónoma, por encima de las decisiones que tomen las Administraciones de turno.

Iniciaremos acciones para invitar al resto de editoriales que están fuera de la AGE a que se asocien, porque esta es nuestra casa común, y estar dentro conlleva ventajas.

Y es necesario demostrarle a la Administración gallega que no se puede actuar de forma unilateral, sin tener en cuenta la opinión de nuestro colectivo.

Cualquier medida que se programe debe contar, necesariamente, con el consenso de la AGE y con el resto de asociaciones integradas en el sector del libro.

Una de las primeras propuestas de la nueva directiva ha sido modificar el nombre de la entidad, que pasa a denominarse Asociación Galega de Editoras. ¿Cuáles son las razones para este cambio?

Nuestra asociación es un gremio y está integrada por empresas editoriales, o editoras. El cambio va en ese sentido: el de la coherencia con el género. Llegamos a ese acuerdo hace tiempo y ahora ha sido el momento de realizarlo.

Según los datos de la Agencia del ISBN, en Galicia se publicaron en 2015 1.861 títulos en formato papel y 260 en digital (frente a los 2.274 y 483 de 2014, respectivamente). ¿A qué factores considera que se debe esta caída en la producción editorial gallega?

Razones puramente económicas. El mercado ha menguado, fruto de la menor capacidad de compra de las familias, de los centros de enseñanza, de las bibliotecas... Los recortes presupuestarios de la Xunta para la compra de novedades que abastezcan la red de bibliotecas públicas han sido de un 80 por ciento desde el año 2008 hasta la actualidad.

A día de hoy, me parece sorprendente que todavía se hayan publicado tantos títulos en el último año.

¿Cuáles son las prioridades de las editoriales gallegas en la actualidad?

Depende de la realidad de cada una de ellas y del subsector en el que actúen. Pero, en el fondo, todas deseamos que se desarrolle la Ley del Libro que aprobó por unanimidad el Parlamento gallego en enero del año 2007. Ese es el mínimo denominador común; esa es una reivindicación que debe estar presente en la próxima legislatura.

¿Y cuáles los puntos fuertes y las debilidades de las editoriales gallegas en este momento?

En cuanto a las debilidades: el débil tejido empresarial, un mercado que mengua, el retroceso en el uso de la lengua gallega.

Sobre los puntos fuertes: capacidad para trabajar colectivamente, potencia para llegar a otros mercados, catálogos variados y de calidad.

¿Cómo definiría la situación actual de la edición digital en Galicia?

Creo que, a pesar de la consigna “conectémonos todos” propuesta desde diversas Administraciones y empresas tecnológicas, la demanda de los usuarios no justifica ese intento de “matar” el libro en papel cuanto antes. No niego los cambios que se están produciendo pero, ¿por qué acelerar los procesos? ¿A quién le interesa? Cada vez hay más oferta. PDF’s, ePub... pero el futuro no pasa por convertir contenidos publicados en papel en un soporte digital, sino por ser capaces de publicar nuevos contenidos en el nuevo formato. Y eso hoy no se está haciendo.

¿Considera que las Administraciones públicas deberían realizar un esfuerzo mayor en apoyar al sector del libro? ¿Con qué tipo de medidas?

Por supuesto, ya lo he dicho en muchas ocasiones, si la clase política apostase por tener en el futuro una sociedad culta, que pudiese desenvolverse en buenas condiciones en un mundo en el que ya está primando la investigación -la famosa I+D+I-, estaría ahora mismo invirtiendo en cultura. Estaría aplicando mejoras en la red de bibliotecas, en campañas de fomento de la lectura, en mejoras en la educación y en la formación del profesorado. Pero se ve que las prioridades del Gobierno gallego actual son otras.